

**CONCELLO DE
SANTIAGO****INSPECCIÓN TÉCNICA**
SERVIZIOS/TRANSPORTES/MEDIO AMBIENTE


Para a licitación do contrato administrativo especial de "**Prestación do servizo de Conservación e mantemento do Cemiterio municipal de Santiago de Compostela** " (CON/6/2017) presentouse unha (1) oferta , que no acto de apertura de plicas celebrado o vinteseite de xuño de 2017 comprobouse que a súa proposición contiña correctamente a Documentación administrativa xeral, sinalada como obrigatoria no Sobre nº 1.

A oferta é de FUNERARIA TANATORIO APÓSTOL SANTIAGO, S.L., e imos a valorar os criterios de adxudicación A e B do apartado 2, incluído no artigo 10 do Prego de Condicións onde se especifica o Procedemento de Adxudicación. Este apartado sinala os criterios non avaliábeis mediante cifras ou porcentaxes, o criterio A refírese á relación de maquinaria e material proposto para uso do servizo e o criterio B á organización xeral do servizo a prestar.

A.- Maquinaria e material proposto (Ata 5 puntos)

Valóranse aqueles medios, a maiores dos básicos, que supoñen unha clara mellora da calidade do contrato. Presenta unha relación pormenorizada da ferramenta para realiza-lo traballo esixido no Prego, destacando o seguinte:

- En inhumacións e exhumacións, un **elevador eléctrico** para nichos en altura e unha **carpa plegable** para facilita-la protección fronte as inclemencias do tempo e para preserva-la privacidade na realización das actividades funerarias.

**CONCELLO DE
SANTIAGO****INSPECCIÓN TÉCNICA**
SERVIZIOS/TRANSPORTES/MEDIO AMBIENTE

Presenta unha relación pormenorizada en utilaxe – pas, angazos, caldeiros, carretillos, cordas, macetas, etc..- , materiais –cemento, cal-, ferramentas e equipos de protección individuais para realizar as diversas tarefas.

Puntuación: **3,00 puntos**

- En xestión de residuos dispón en exclusiva dun furgón Mercedes-Benz para a xestión dos residuos sólidos do cemiterio e para traballos de xardinería, así como limita o uso de elementos de limpeza a produtos non agresivos coa sostibilidade ambiental.

Puntuación: **1 punto**

- En traballos de xardinería adscribe un cortacésped, unha motodesbrozadora, motoserra, cortasetos e mangueras, así como diversa ferramenta específica para xardinería e produtos fitosanitarios.

Puntuación: **1,00 puntos**

- En acondicionamento da capela propón a instalación dun expositor de velas e a colocación de catro bancadas de madeira.

Puntuación total apartado A.- : 5,00 puntos

B.- Organización xeral do servizo a prestar (Afa 5 puntos)

a) Valóranse o Organigrama, a distribución de traballos e persoal, os calendarios, inspeccións, partes de traballo, etc. Propón a centralización da prestación do servizo mediante a disposición dun local na rúa María Ángeles de la Gándara, nº3, Polígono de Boisaca, para a xestión dos trámites de enterramento coas distintas funerarias. O persoal

**CONCELLO DE
SANTIAGO****INSPECCIÓN TÉCNICA**
SERVIZIOS/TRANSPORTES/MEDIO AMBIENTE

administrativo dará traslado ao encargado da orde de inhumación: Nome do difunto, número de nicho/sepultura e demais aspectos necesarios. (**1 punto**)

As quendas dos traballadores permiten manter o cemiterio aberto segundo o horario establecido polo Concello nas tempadas de inverno e verán, organizados e distribuídos segundo partes de traballo proporcionados pola súa oficina administrativa. (**1 punto**).

Sinala a revisión semanal, polo encargado e o supervisor de xardíns, de tódalas instalacións e xardíns para proceder a distribuír e organizar as tarefas necesarias de mantemento e reparación, distribuídas por sector, treito e rúa, así como a comprobación do selado de nichos e a retirada semanal de restos florais procedentes das inhumacións (**1 punto**).

Mantemento de todas as instalacións en perfecto estado de hixiene e ornato, realizando a comprobación da limpeza de nichos e sepulturas, en especial a lexibilidade da numeración, repasando a mesma cando sexa preciso (**1 punto**)

Puntuación apartado a) : **4 puntos**

b) Na xestión ambiental sinala o uso de produtos fitosanitarios respetuosos co medio ecolóxico e a sustentabilidade ambiental, a xestión dos residuos orgánicos e químicos orixinados, o uso eficiente do auga e a periodicidade semanal na retirada dos restos florais das inhumacións.

Puntuación apartado b) : **1 puntos**

Puntuación total apartado B.- : **5,00 puntos**

**CONCELLO DE
SANTIAGO****INSPECCIÓN TÉCNICA**
SERVIZIOS/TRANSPORTES/MEDIO AMBIENTE

A empresa adscribirá ao contrato os traballadores que actualmente desempeñan esta función no cemiterio:

D. Jesús Guillín Gendre *D. David Domínguez Rey*

D. Antonio Siñaris del Río *D. Guillermo Gil Carreira*

A máis, a empresa porá dous traballadores, non adscritos en exclusiva á execución do servizo, para a mellor realización do contrato: Un para a organización administrativa e de xestión do contrato, e outro como especialista en xardinería.

PUNTUACIÓN TOTAL

CRITERIO	Puntos	Total
<i>1. Maquinaria e material proposto</i>	5,00	5,00
<i>2. Organización xeral do servizo a prestar</i>	5,00	5,00
TOTAL	10,00	<u>10,00</u>

A vista do anterior, este técnico considera válida a oferta da empresa FUNERARIA TANATORIO APÓSTOL SANTIAGO, S.L., que obtén unha puntuación nestes dous criterios de 10,00 puntos sobre un máximo de 10, polo que xa se pode efectuar a apertura do sobre número 3 da oferta económica pola Mesa de Contratación.

Santiago de Compostela, 30 de xuño de 2017

O Inspector técnico de Servizos e Transportes

Asd.: Luis Alberto López García